

MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA OS TRABALLADORES QUE ENTREN EN CONTACTO CON CASOS POSIBLES OU CONFIRMADOS DE ÉBOLA

As recomendacións que se inclúen neste documento son as que están incluídas no Procedemento de actuación fronte a casos sospeitosos e confirmados de enfermidade polo virus do Ébola en relación co abrocho de África Occidental de 22 de agosto de 2014, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas y Emergencias (Ccaes), do Ministerio de Sanidad, Servicios sociales e Igualdad (MSSSI) e aprobado pola Comisión de Salud Pública, que se pode consultar na web da DXIXSP en: http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=69984, que están baseadas nas recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) de agosto de 2014, e que se poden consultar en: http://apps.who.int/iris/bitstream/10665/130596/1/WHO_HIS_SDS_2014.4_eng.pdf?ua=1&ua=1 e nas dos CDC de agosto de 2014 en: <http://www.cdc.gov/vhf/ebola/hcp/infection-prevention-and-control-recommendations.html>

Medidas recomendadas

As precaucións axeitadas para o manexo dos pacientes en investigación ou confirmados de Ébola inclúen **as precaucións estándar, as precaucións de contacto e de gotas.**

Medidas de protección de persoas en contacto con casos posibles ou confirmados

1. Todos os traballadores que se espere entren en contacto cun caso posible ou confirmado de Ébola terán que estar informados dos procedementos de actuación para a prevención. O Servizo de Medicina Preventiva (SMP) e/ou o de Riscos Laborais (SRL) do centro/organización que corresponda serán os responsables de proporcionar esta información.
2. Calquera traballador que vaia entrar en contacto directo co paciente e as súas mostras terá que ter adherencia estrita ás prácticas estándar, de contacto e gotas de control de infección.
3. Calquera traballador realizará a hixiene de mans segundo o indicado nos procedementos da EOXI.
4. Calquera procedemento que poida levar consigo contacto con sangue ou outros fluídos, secrecións ou excrecións do paciente, ou produción de aerosois, debe realizarse baixo estritas condicións de protección.
5. Se fose imprescindible unha atención sanitaria sobre o paciente, deberán usarse os equipos de protección individual (EPI):
 - a. protección facial (máscara cirúrxica, lentes ou pantalla facial);
 - b. luvas (dobre luva);
 - c. bata desbotable impermeable de manga longa;
 - d. gorro;
 - e. calzas impermeables ou equivalentes.

Cando se realicen procedementos que xeren aerosois usarase respirador FFP2 ou superior.

Compre salientar que, se non se vai entrar en contacto con fluídos do enfermo, os CDC [[enlace](#)] e o ECDC [[enlace](#)] consideran que abonda cun so par de luvas e non é necesario o emprego das calzas.

6. Aínda que o risco do procesamento das mostras para análises clínicas se considera baixo, o persoal que manexe as mostras levará os EPI seguintes: protección facial, luvas, bata desbotable impermeable de manga longa e gorro.

7. O persoal que proceda a limpeza e desinfección das estancias e medio de transporte, da limpeza da roupa e da xestión dos residuos levará os mesmos EPI descritos no punto 6. Mais se se espera que haxa salpicaduras ou contacto con sangue (ex limpeza de zonas moi sucias con vómito ou sangue), ou se vaia limpar a menos de un metro do paciente con síntomas como vómito, diarrea, sangrado, etc: usará por riba das luvas outras resistentes e impermeables e calzas impermeables ou equivalente (ex botas).
8. No persoal que manexe os residuos compre lembrar: que as gafas teñen unha mellor protección que os visores cando se precisa verter residuos líquidos nun cubo.
9. O persoal que atenda ao paciente, ou limpe a seu cuarto, retirará os EPI (ver apéndice) antes da súa saída do cuarto. Os pasos para poñer e quitar os EPI seguirá as recomendacións da EOXI. Hai varias formas de facelo dun xeito seguro.

No apéndice recóllese, por exemplo, as indicacións da OMS.


Outro xeito de facelo recollese no documento do ministerio de Sanidade [[enlace](#)].

10. As EPI desbotables colocaranse no contedor disposto para tal fin. As reutilizables, ou nunha cubeta con desinfectante ou nun contedor específico para envialos a desinfectar.
11. Todo o resto do persoal (laboratorio, limpeza de transporte e xestión de residuos), colocaran, as partes desbotables no contedor disposto para tal fin, e as reutilizables ou nunha cubeta con desinfectante ou nun contedor específico para envialos a desinfectar.
12. As instrucións para poñer e retirar os EPI descríbense no apéndice.
13. Cando se retiren os EPI ter coidado de non tocar os elementos sucios e evitar tocar a cara ou partes da pel non intacta.
14. Os elementos que se poidan reciclar, como as lentes ou pantallas faciais, desinfectaranse de acordo co indicado no procedemento que teña establecido o hospital. Non obstante, as recomendacións básicas para a limpeza e desinfección están dispoñibles na web da DXIXSP ([enlace](#)).


Xeito de colocarse os EPI- FONTE: MINISTERIO DE SANIDADE



Impermeables ata o
xeonllo se hai contacto
con sangue ou fluídos



Que cubre a roupa
Mellor con apertura
posterior



PRIMEIRO PAR




Só de estar a emnos
de 1 metro do doente

OU

FFP2 só cos
procedementos que
xeren aerosois



o




SEGUNDO PAR

Mentres leve posto o EPI: Evite tocar ou axustar o equipo. Se os guantes se danan, hai que cambialos. Lavar as mans despois de retiralos.

Xeito de retirar os EPI-FONTE: MINISTERIO DE SANIDADE

- 1) Retire o EPI coidadosamente para evitar a contaminación/inoculación dun mesmo e minimizar a contaminación do ambiente.
- 2) Desbote as compoñentes do equipo de forma adecuada (contedores/bolsas de residuos sanitarios del grupo III).
- 3) Recorde realizar a hixiene das máis inmediatamente despois da retirada de luvas e despois de quitar todos os elementos do EPI.



Todo EPI desbotable colocárase no contedor disposto para facelo segundo se vaia retirando

Fonte: Modified from Clinical Management of Patients with Viral Haemorrhagic Fever: A pocket Guide for the Front-line Health Worker. World Health Organization, 2014: http://apps.who.int/iris/bitstream/10665/130883/2/WHO_HSE_PED_AIP_14.05.pdf